

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2012/10

CARACTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 17 de setembro de 2012.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **17 de setembro de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

D^a Azucena González Loredó.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Xabier Campos López.

(disculpa asistencia)

Secretario acctal:

D. José Rodil Veiga.

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2012.32.01.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE 10 DE XULLO DE 2012, EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 3 DE AGOSTO E EXTRAORDINARIA DE 30 DE AGOSTO DE 2012.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

202.33.02. CONTA XERAL EXERCICIO 2011.

Por Secretaría a instancia da Alcaldía dase conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas de data 15 de setembro de 2011 e de que exposta ao público a mesma a efectos de exame e reclamacións, durante o período regulamentario non se formularon reclamacións, segundo consta na correspondente certificación obrante no expediente.

Iniciada deliberación intervéñ o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que non dubida das cuestións técnicas pero informa que o seu grupo non prestou aprobación, no seu momento, a este orzamento para ver se a previsión era a correcta ou se se desviara moito. Considera que hai aspectos nos que se mellorou. En canto aos ingresos, impostos directos e indirectos e taxas vaise achegando ás cifras homologadas e aos informes de Secretaría de Estado de Facenda.

En canto aos gastos, observa que o gasto corrente dese exercicio sofre un incremento do 8,14% respecto aos créditos iniciais de 2010, que estaba previsto para 2011 un 5%. A porcentaxe de execución do orzamento de gastos ascende ao 87,08% fronte ao 77% do ano anterior ao da liquidación, e a porcentaxe de pago sobre as obrigas recoñecidas pasa a un 70%, fronte ao 76% no 2010 e non saben porqué.

Considera que hai outro aspecto destacado en declaracións, artigos e opinións que se falou na campaña, que en exercicios anteriores consideraban oportuno aumentar o saldo dos créditos de dubidoso cobro, o que non é ningunha crítica, pero dálle a impresión de que en exercicios anteriores se produciu certa maquillaxe para conseguir remanentes positivos. Non quere entrar en modificacións orzamentarias por incorporación de remanentes xa que non lle parece o momento oportuno.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que non vai entrar en cuestións de enxeñería económica ou tecnicismos

porque se escapa dos seus coñecementos, polo que cre que é mellor deixarlo aos responsables técnicos.

A Sra. González Loredo, Concelleira do grupo municipal do PP, intervén e manifesta que considera que é un reflexo técnico da contabilidade municipal, polo que non van entrar en debate. Di que á vista dos resultados, seguen sen ver as marabillas prometidas unha e outra vez. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Facenda, explica que en canto ao aumento da porcentaxe de dubidoso cobro vai en función das bases de execución do orzamento, e segundo van avanzando os anos a porcentaxe aumenta. Explica que entra en xogo o ano 2008 coas sancións por infraccións urbanísticas, polo que se incorpora a gran parte do aumento. Di que non se debe a ningunha maquillaxe, senón a unhas sancións urbanísticas que non se cobraron e están en vía executiva, polo que hai que aplicar a porcentaxe de dubidoso cobro, conforme ás bases da execución.

Intervén a Sra. Interventora para puntualizar que foi mellor que se considerasen de dubidoso cobro xa que, vistas as sentenzas, baixan considerablemente o seu importe, pero o que a contabilidade reflectía en 2011 eran case un millón de euros en multas urbanísticas de 2008. Mentres que na liquidación de 2010 aplicouse un 20%, no 2011 considerouse de dubidoso cobro un 90%, xa que así o dicían as bases e o criterio de prudencia indica que se considere incobrable o que se ten máis dúbidas de cobrar que de non cobrar.

Ao Sr. Gutiérrez Fernández parécelle que están sacando a artillería para dous peóns, xa que o seu xuízo está baseado nos informes anteriores da interventora e era necesario corrixir a cuestión do dubidoso cobro, pero non o di en sentido negativo. Considera que a explicación do Concelleiro delegado pode ser un conto ou uns intentos de maquillaxe e non llo vai crer. Anuncia que non vai votar a favor.

O Sr. Alcalde coincide en que a conta xeral non é máis que a elaboración obxectiva, por parte dos técnicos, dun orzamento municipal, que se elabora e se aproba no pleno. No transcurso determínase se se gastou máis do que se ingresou ou como se foi executando o orzamento real e a conta xeral deste ano, como dos últimos anos di que se gastou menos do que se ingresou, que é unha tónica dos últimos catro ou cinco anos para ben ou para mal, porque non quere dicir que non teñan débedas, xa que os remanentes no 2006 eran negativos, e os remanentes foron positivos en 2009 e 2010, e agora seguen sendo positivos pero menos, xa que se gastou un pouquiño menos do que se ingresou. Considera que é unha explicación obxectiva por parte do Concelleiro e non hai intención de sacar ningunha artillería.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por 6 votos a favor (dos membros do grupo municipal do BNG), e 6 abstencións (dos membros do grupo do PP, do PSdG-PSOE no Grupo Mixto e de UPRI no Grupo Mixto), acordándose, en consecuencia:

1º. A aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2011 formada pola Intervención Municipal.

2º. O traslado da mesma ao Consello de Contas.

O Sr. Alcalde resalta que o Concelleiro Xavier Campos xustificou a súa ausencia.

2012.34.03.-MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS PERSOAIS DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Publicado anuncio no B.O.P. número 120 de data 26 de maio de 2012, que recolle a aprobación definitiva do Regulamento da Creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo, co texto íntegro do mesmo, e a que se refire anterior acordo do Pleno do Concello de data 23 de marzo de 2012.

Resultando, que remitido o acordo e copia do referido anuncio no BOP de Lugo á Axencia Española de Protección de datos aos efectos do cumprimento da norma e inscrición dos ficheiros creados, con data 16 de xullo de 2012 ten entrada neste Concello escrito da mesma no que da conta entre outras cuestións da necesidade de modificar ou suprimir os ficheiros xa inscritos na referida Axencia que foron creados por acordo plenario de 1 de agosto de 1994, e que son concretamente:

1.Contabilidad General Presupuestaria del Ayuntamiento; 2.Confección de nóminas; 3.Padrón de Habitantes.Censo; 4.Imposto circulación de vehículos; 5.-IAE; 6.IBI.

Resultando, que o contido dos ficheiros de referencia consta nos novos ficheiros creados polo acordo municipal de 23 de marzo de 2012.

Considerando, que conforme ao indicado pola referida Axencia procede, neste caso, a supresión dos ficheiros antigos creados polo referido acordo de 1 de agosto de 1994 pola existencia doutros que recollen os mesmos datos.

Visto igualmente que é preciso a creación dun novo ficheiro para os pacientes que son asistidos nas praias, durante o verán, polo Servicio de Socorrismo, toda vez que se require o mesmo por indicacións do ICTE a efectos do programa “Q” de Calidade, para a Praia de As Catedrais.

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Engadir unha disposición adicional ao Regulamento citado así como un Anexo II do seguinte tenor:

Disposición adicional.- Supresión de ficheiros.-

Suprímense os ficheiros de datos de carácter persoal que figuran no anexo II.

ANEXO II.-

Os ficheiros que se relacionan a continuación, serán eliminados do Rexistro de Ficheiros da AEPD posto que os datos contidos nos mesmos foron integrados nos novos ficheiros.

FICHEIROS CODIGO DE INSCRIPCION

SICAL	Código de Inscrición 1943280196
NOMINAS	Código de inscrición 1943280197
CENSO	Código de inscrición 1943280198
VEHICULO	Código de inscrición 1943280199
IAE	Código de inscrición 1943280200

2º.- A creación dun novo ficheiro L) no Anexo II co seguinte contido:

L) NOME DO FICHEIRO: PACIENTES ASISTIDOS NAS PRAIAS

a. Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas atendidas polos servizos de Salvamento e Socorrismo das praias.

b. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrados:

Persoas físicas que soliciten ou precisen asistencia dos servizos de Salvamento e Socorrismo das praias.

c. Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, recolléndose nos correspondentes formatos polo profesional que atenda o paciente.

d. Estructura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais das persoas atendidas (nome e apelidos), patoloxía observada, tratamento aplicado, lugar de procedencia e derivación posterior e data e hora da prestación do servizo.

e. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a terceiros países:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro só serán cedidas a outras administracións públicas, xulgados ou outros organismos oficiais cando sexan precisos para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f. Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Ribadeo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarse polos responsables do servizo correspondente.

g. Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Ante o encargado do ficheiro responsable do servizo correspondente.

h. Sistema de tratamento: mixto

i. Nivel de protección: básico

3º.A aprobación inicial da modificación proposta do citado Regulamento.

4º. A exposición ao público aos efectos regulamentariamente previstos.

5º.Facultar a Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Os membros do Grupo Municipal Popular manifestan que se reservan para o Pleno, indicándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por 5 votos a favor (4 dos membros do Grupo do BNG e 1 do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e 2 abstencións (dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Promovida deliberación, intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSDG-PSOE no Grupo Mixto, que se ratifica no que dixo na comisión e anuncia que vai votar a favor.

Intervén a continuación o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que tamén se ratifica no que manifestou na comisión e anuncia que vai votar a favor.

A Sra. González Loreda, Concelleira do grupo municipal do PP, intervén e manifesta que non estivo na comisión, pero anuncia que, como se trata dun tema técnico, votarán a favor.

O Sr. Alcalde coincide en que é unha cuestión técnica.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión de referencia transcrito anteriormente.

2012.35.04.-MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA LOCAL DE COMERCIO, SEGUNDO PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Por Secretaría dase lectura ao Ditame da Comisión Municipal Informativa do pasado día 13 de setembro que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que de seguido se transcribe:

“Vista a Acta da Mesa Local de Comercio celebrada o día 30 de xullo de 2012, na que por parte da Concelleira delegada de turismo e desenvolvemento local, dona Ana María Martínez Fernández se propón a incorporación á Mesa dun representante da Asociación de Profesionais de vendedores e vendedoras da Praza de Abastos recentemente constituída con carácter oficial, trasladando a inquietude da mesma, así como no se caso un representante municipal para cumprir co disposto no artigo 5 do Decreto 183/2011, de 15 de setembro polo que se regulan as mesas locais de comercio.

Vista a actual composición da mesa Local de comercio, segundo acordos plenarios de datas 21 de marzo e 21 de novembro de 2012, que se forma do seguinte xeito:

Presidente:

Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou Tte.Alcalde en quen delegue.

Secretaría con voz pero sen voto

Secretario do Concello ou Traballador municipal no que delegue.

Vogais.

O Presidente ou persoa en quen delegue a Asociación Unión de Consumidores de Ribadeo. (actualmente non existe ningunha en Ribadeo) e vense convocando ás reunións da mesa aun representante da Federación de Consumidores e usuarios da provincia de Lugo.

*Art. 5. 3) do Decreto 183/2011. * No suposto de que non existan asociacións locais de persoas consumidoras, o Concello convocará unha persoa representante dunha Asociación ou federación de consumidores de carácter provincial ou autonómico.*

O Presidente ou persoa en quen delegue a Asociación de Comerciantes ACISA

2 representantes do Concello elixidos polo Pleno municipal:

(Dona Ana María Martínez Fernández, Concelleira de Desenvolvemento Local e Turismo, do BNG e dona Azucena González Loreda, Concelleira do Grupo Popular)

1 representante da Administración Autonómica:

(D.José Manuel Vázquez Leirado, Xefe Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo e como suplente primeiro a dona Maria Jose Cortiña Darriba, Xefa de Sección de Actividades Comerciais do Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo e como suplente segundo a don José Camilo López.López, Inspector de Comercio da Delegación Territorial de Lugo.)

Visto o disposto no artigo 5 do referido Decreto 183/2011.

Esta Alcaldía,

PROPON ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Municipal Informativa correspondente, se adopten os seguintes acordos:

1º. Designar para formar parte como vocal da Mesa Local de Comercio ao Presidente ou persoa en quen delegue da Asociación de Profesionais de vendedores e vendedoras da Praza de Abastos

2º. Designar como representante do Concello a don Horacio Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Medio Mariño, Consumo e Cemiterios.

3º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que manifesta a súa intención de absterse neste punto, xa que dada a composición

da corporación non é cuestión de entrar en propostas alternativas, o único que se pregunta é se todos estes órganos van ter algunha utilidade práctica.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que se vai abster porque non quere xulgar as capacidades do Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez, xa que ve que as súas competencias son Medio Ambiente, Medio Mariño, Consumo e Cemiterios. Pensa que o alcalde lle está dando máis cargos, pero os que desempeña xa son bastante importantes. Considera que ten unha oportunidade de levar á práctica o exercicio democrático de participación e dar capacidade ao resto dos grupos que non están representados nesa mesa. Non significa unha falta de poder por parte da Alcaldía, xa que nesta mesa non prima a política, senón os coñecementos industriais ou comerciais. Pensa que se puido contar co resto dos partidos políticos polo que manifesta que votará en sentido negativo.

Intervén a continuación a Sra. González Loredó, Concelleira do grupo municipal do PP, que explica que, sen ter falado co Concelleiro de UPRI, tamén traían a mesma proposta para que o representante que entrase fose do Grupo Mixto, xa que forman parte o Sr. Alcalde, unha Concelleira do BNG, unha Concelleira do PP, polo que lle parece o máis coherente e lóxico que entrara alguén do Grupo Mixto. Di que se o representante de UPRI fai a proposta o seu grupo vai apoiala, pero como non teñen peso suficiente na mesa pide que se teña a ben aceptar a proposta, do contrario, o seu grupo votará en contra.

O Sr. Alcalde agradece as argumentacións. No que ten que ver co goberno municipal quere dicir que unha cousa é ser magnánimo e outra non utilizar os recursos, xa que os veciños puxeron a cada un na súa correlación de forzas, polo que non poden desertar do seu peso ponderado, xa que están tendo magnanimidade en asuntos institucionais, de representación, na mancomunidade de concellos de A Mariña, en asociacións públicas ou privadas onde hai representación da oposición, aínda cando o goberno dispón de maioría absoluta ou na elaboración do PXOM coa representación directa de todos os Concelleiros de todos os grupos políticos.

Explica o Sr. Alcalde que o Concelleiro D. Horacio Cupeiro leva unha serie de delegacións moi importantes, e á parte de estar o alcalde e a Concelleira de Comercio, estará tamén o Concelleiro de Consumo, porque entenden que debe prevalecer esa Concellería por encima das de Deportes, Servizos Sociais ou Xuventude. Explica que abren o abano para que estas mesas de comercio, que teñen un funcionamento importante e tiveron relación fluída cos comerciantes á hora de abordar diversos aspectos para Ribadeo, é produto do diálogo que querían ter con representantes do colectivo da praza de abastos, que ata o de agora non tiña representación. Informa que cando se constituíu esta mesa ofrecéuselle ao partido maioritario da oposición que designara a un representante, polo que hai dous representantes do goberno e un da oposición. Non queren coller dous membros da oposición e dous do goberno para non desertar da súa responsabilidade.

Continúa coa súa intervención o Sr. Alcalde e manifesta que se tiveran que crear máis representantes o segundo sería para o Grupo Mixto, sempre respectando a correlación. No goberno con maioría absoluta fai un ano brindaron ao partido maioritario da oposición se quería formar parte da Xunta de Goberno e rexeitou, polo que cre que teñen abonda magnanimidade.

Intervén o Sr. Valín Valdés, Concelleiro do Grupo Municipal do PP, admite que o BNG sexa magnánimo, pero entende que forma parte da comisión de urbanismo polo ben de Ribadeo, cre que posiblemente Ribadeo sexa un dous poucos concellos que busca a cordialidade e ser un grupo cada un co seu punto de vista. Considera que forman parte dunha corporación. Di que o PXOM é un tema fundamental. En canto á Xunta de Goberno, di que os invitaron pero que declinaron, aínda que non lles parece que sexa un magnánimo. Di que pode xustificar a non presenza do Grupo Mixto na Comisión, pero que non argumente cousas que non veñen a conto.

O Sr. Alcalde non quere polemizar, pero o Grupo Mixto saca uns argumentos que apoia o PP, polo que quere poñelas encima da mesa. Admite que as cousas importantes as están levando ben todos, sen prexuízo de que se torzan mañá mesmo, pero non quere trastornar ningunha cuestión de cordialidade.

Sometido o asunto a votación, resultan 6 votos a favor (dos membros Grupo do BNG), e 6 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP e dos membros do PSdG-PSOE e UPRI no Grupo Mixto). Repetida a votación polo empate producido obtense o mesmo resultado, decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde e quedando, en consecuencia, aprobado o ditame transcrito anteriormente coa proposta da Alcaldía nos termos da mesma.

2012.36.05.- RECLAMACIÓN PREVIA DA ASOCIACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MANCOMÚN DO MONTE CORDAL.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“Vista da reclamación previa ao exercicio de accións civís formulada por don Ricardo García Rodríguez actuando en representación da Comunidade de Montes en Man Común Monte Cordal con NIF V27028844, mediante escrito que tivo entrada no Concello de Ribadeo con data 6 de xullo de 2012 rexistro de entrada número 8193 , na que se solicita a declaración como monte veciñal en man común,propiedade da Comunidade de Montes en Mancomún Monte Cordal, dos seguintes terreos:

- A) Camiño.Polígono 19. parcela 9023, rfa. Catastral 27051A019090230000HQ, de 11.851 m2. de superficie.
- B) Camiño.Polígono 19. Parcela 9018. Rfa. Catastral: 27051*079090180000HY, dunha superficie de 21.576 m2.

De conformidade co disposto no artigo 120 e ss. da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, e sen prexuízo da natureza administrativa da reclamación formulada e da eventual competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente así como o informe de Secretaría que se incorpora como motivación do acto de conformidade co disposto no artigo 89.5 da referida Lei 30/1992 de RXAPPAC, esta Alcaldía

PROPÓN, ao pleno municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente adopte os acordos seguintes:

1º. Desestimar na súa integridade a reclamación previa formulada de conformidade co informe de Secretaría e dos antecedentes obrantes no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

O Concelleiro do PSG-PSOE e os membros do Grupo Municipal Popular manifestan que se reservan para o Pleno, indicándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións (dúas dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular e unha do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia nos termos da mesma para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que considera que se trata dunha reclamación previa que rematará na vía xurisdiccional e, como en ocasións precedentes, di que habería que abrir conversas, xa que o informe de secretaria é contundente. Pensa que o informe do arquitecto técnico municipal é unha explicación da certificación catastral e fotos do camiño que están borrosas. Considera que con achegar a folla catastral e o informe sería suficiente. Manifesta a súa intención de absterse.

Intervén a continuación o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que considera que o monte é propiedade duns veciños que no seu día fixeron un camiño que na revisión catastral, con data de alteración do 31/12/2001 e con data de modificación catastral de 5/2/2002, déuselle a titularidade deste camiño ao concello. Informa que existe un plano do catastro histórico onde se pode ver que non hai tales camiños do concello. Ao seu entender, pensa que os veciños veñen de boa fe pedindo o que consideran que é deles. Pola súa parte a Alcaldía defende un patrimonio que recibiu, pero quere dicir que no catastro se cometen moitos erros, como por exemplo camiños que pertencen ao concello que non aparecen en catastro. Observa un erro catastral e pensa que os veciños teñen a razón, polo que o seu partido vai apoiar aos veciños.

Continúa intervindo a Sra. López-Braña Freije, Concelleira do grupo municipal do PP, que fai un chamamento aos servizos municipais, xa que se lles entregou unha documentación onde se pide apoio ou rexeitamento de estudo dunha proposta sen aportar documentación, polo que é difícil pronunciarse cando só se sabe a parte do concello e descoñecen a reclamación previa que fan os veciños. Solicita que, sempre que se someta á súa consideración unha proposta, que vaia acompañada de toda a documentación.

O Sr. Alcalde explica que, por lei, cando se convoca unha comisión informativa todos os documentos deben obrar nela.

A instancia da Alcaldía interven o Secretario accidental que explica que a documentación non falta, pero pode ser que ao facer as fotocopias non se entregaran.

O Sr. Alcalde considera que “a nivel de favor” se fotocopia a documentación para a oposición, pero debe ser a oposición a que veña e a comprobe.

A Sra. López-Braña non cre que lle teñan que facer ningún favor se quere que exerza a súa obriga de oposición.

O Sr. Alcalde di que ten todo o expediente á súa disposición.

A Sra. López-Braña Freije intervén de novo e manifesta que entende que non se dan os datos para poder pronunciarse. Xustifican os seus dereitos neste tema nun acordo do ano 2001 do Concello de Ribadeo e na inscrición do Catastro onde consta que o 100% destes camiños son do concello, pero dentro dese monte hai camiños de titularidade municipal naquel entón que continúa sendo de titularidade municipal, xa que hai distintas clases de camiños e non se lles di todo, polo que se non lles dan todos os datos e teñen que pedirlos aos veciños, polo que non poden facer un pronunciamento serio.

Di que o catastro é só un rexistro fiscal que non constitúe nin atribúe propiedades. Pregúntase como saben que na alteración catastral do ano 2002 lle deron audiencia aos veciños porque non consta, polo que de ser así é nulo de pleno dereito. Repite que os xustificantes onde se basea a titularidade do concello non lle permite pronunciarse seriamente a favor da reclamación. Pide que paralicen o tema e aporten á corporación algo que xustifique a súa propiedade e evite entrar nun novo contencioso, porque vai haber un litixio que vai ser prexudicial para o concello e para os veciños, xa que a súa obriga é xustificar que pertencen ao concello. Pregunta que beneficio aportan estes camiños ao concello, que son desbrozados polos veciños e foron delimitados pola Xunta de Galicia. Considera que calquera beneficio que teñan eses camiños debe ser dos veciños, porque a propiedade é deles. Cre que hai que recoñecer o erro de catastro e corrixilo. Manifesta a súa intención de votar en contra da proposta de Alcaldía.

O Sr. Alcalde matiza que toda a Corporación se debe aos veciños e o equipo de goberno máis, xa que os veciños lle deron a responsabilidade de xestionar o concello durante catro anos, polo que non teñen ningún interese en iniciar un contencioso cos veciños de As Anzas, nin de Remourelle nin de A Pega. Dí tamén que lle fai graza que lle pregunte cousas que el tamén pode preguntar xa que no 2002 gobernaba o PP. Vense obrigados a defender un acordo daquela época coas argumentacións xurídicas que lles dan. Considera que o Catastro é un rexistro público que non atribúe propiedade, pero non se están baseando neso, xa que non é determinante. Chámalle a atención que ninguén se acordara dende o ano 2001, porque se se determina que os camiños non son municipais mellor, xa que é un peso menos que se sacan de encima. Admite que non ten ningunha intención de crear ningún conflito con ninguén, pero hai que atender a unha cuestión xurídica e técnica. Di que se toma un acordo non se poden ditar resolucións inxustas porque se incurriría en prevaricación e desatención técnica.

Prefire que o Secretario explique os razoamentos que levan a argumentar tecnicamente iso.

A instancia da Alcaldía toma a palabra o Secretario accidental, que explica á Concelleira López-Braña Freije que a documentación está toda na Secretaría e non é obrigatorio entregar as fotocopias, os Concelleiros teñen que pedilas, porque do contrario, por ex. para a próxima vez habería que fotocopiar a conta xeral enteira. Considera que nada impedía que se pedise documentación se se observou a súa falta.

A Sra. López-Braña Freije considera que a súa obriga é pronunciarse sobre o que lle dan.

O Sr. Rodil Veiga aclara que a obriga de Secretaría é tela a disposición e despois pódese fotocopiar todo o que faga falta.

A Sra. López-Braña pide que, para evitar formular queixas nun futuro, se lles entregue toda a documentación.

O Sr. Alcalde resalta que a documentación ponse a disposición de toda a corporación e así se fixo sempre.

O Sr. Rodil Veiga explica que a reclamación está extractada no informe de Secretaría e que se pode extraer de aí. Comparte a opinión do Alcalde, xa que a proposta está feita en función do informe de Secretaría cos antecedentes e todos os datos que obran no expediente, á marxe do que di o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández de que se podía chegar a un acordo e falar, pero no informe do Rexistro da Propiedade non aparece nin a nome do propietario do monte, nin a nome do concello. Explica que non se accedeu ao rexistro, porque non aparece ao nome de ninguén. Informa que no acordo municipal de 2001 está moi claro cando no parágrafo terceiro di que “manterán a titularidade municipal como ben de dominio e uso público os camiños municipais que discorren polo monte”, polo que terá que demostrarse que non son municipais. Considera que é un camiño no que hai unha inversión da Xunta nunha ruta de sendeirismo. Tamén explica que as entidades locais teñen a obriga de defender os seus bens e dereitos se consideran que son seus.

O Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSG-PSOE intervén e manifesta que quere precisar que a Corporación ten a obriga de defender as súas propiedades, polo que prefire abrir outra vía de consultas, xa que se vai resolver no xulgado e sóese perder, porque eses argumentos poden perderse, normalmente por parte municipal no ámbito de propiedades comunais, polo que abriría un período ou consulta a unha entidade consultiva superior, pero non á Deputación que tenta darlle a razón ao concello sen máis. Pon como exemplo o Consello do Estado. Considera que todos deberían estar interesados en cumprir coas obrigas e defender os intereses municipais, polo que deberían entrar na cuestión de se o é ou non con total seguridade para poder pronunciarse mellor, porque se non vaino resolver a xustiza.

O Sr. Alcalde sabe que o pleno non pode debater co público. Explica que falou de maneira amigable co presidente e sempre lle transmitiu a súa disposición de que non teñen interese en

facerse cargo de algo que non é seu, pero os veciños deben saber que o goberno municipal non debe ir contra criterios xurídicos que din que non se meta nun "berenxenal", polo que teñen que defender o que está inventariado como patrimonio municipal. No caso da Torre dos Moreno, o concello sostén que ten unha parte e hai quen di que o concello non ten nada. O goberno sostén que esa parte se adquiriu vía expropiación, adxudicación por poxa que quedou deserta ou por procedemento que poida ser dubidoso, pero o goberno actual nunca o cuestionou, senón que defendeu ese procedemento porque pasaron 15 anos e ninguén dixo nada. Di que neste caso data de 2001 e o goberno era outro e cedeuse con outras condicións. Non hai ningún interese e parécelle correcto. Suxire pedir unha opinión fundamentada a Estruturas Agrarias formulándolle a situación obxectiva e os informes de Secretaría e no próximo pleno, con máis documentación, poderían tomar unha decisión.

Continúa o Sr. Alcalde intervindo e día que cre que se se determina privado é unha responsabilidade menos que ten o concello, pero o que non se pode é "dicir que é seu polo artigo 45", porque se pasa algo o concello veríase con unha enorme responsabilidade de non poder actuar.

Admite non ter ningún problema en que o asunto quede sobre a mesa e evacuar algunha consulta a Estruturas Agrarias, coa maior humildade e vontade de buscar un acordo, pero nunca van ir en contra dun argumento técnico do concello.

A Sra. López-Braña Freije quere paralizar o tema e que se estude un pouco máis, non sabe se é Estruturas Agrarias ou Montes Veciñais o que se debe pronunciar ou a Deputación.

Ao Sr. Alcalde o Servizo Xurídico da Deputación Provincial parécelle moi imparcial.

A Sra. López-Braña non está de acordo polo que propón que pida dous informes.

O Sr. Alcalde resolve que se pedirán de maneira obxectiva a organismos solventes e poñerase todo encima da mesa para acreditar o que sexa. Considera que os problemas do goberno son conciliar ingresos con gastos, investir o que se poida, aprobar o Plan Xeral etc.

Rematada a deliberación, a Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda deixar este asunto sobre a mesa e requirir informe ou consulta de Estruturas Agrarias sobre o mesmo.

2012.37.06.- FIXACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2013.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

"Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

"Examinada a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar interesando, antes do día 30 de setembro de 2012, a notificación coas datas dos 2 días festivos locais que se sinalen polo Concello para o ano 2013,

Esta Alcaldía,

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa se adopte o acordo de fixar como festivos locais para o ano 2013 os días seguintes:

* 12 de febreiro de 2013, Martes de Antroido.

* 16 de agosto de 2013, Venres, festividade de San Roque (co-patrón de Ribadeo)."

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal."

Sen promoverse deliberación a Corporación, por unanimidade en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e fixar como días festivos locais para todo o termo municipal de Ribadeo para o ano 2013 os días 12 de febreiro de 2013, Martes de Antroido e 16 de agosto de 2013, Venres, festividade de San Roque (co-patrón de Ribadeo).

2012.38.07.-MODIFICACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa municipal de 13 de setembro de 2012 que se transcribe de seguido:

"Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Vistas as Bases de contratación de persoal laboral con carácter temporal, aprobadas polo Pleno do Concello de data 2 de abril de 1996 (BOP de Lugo num. 113 de 18 de maio de 1996) e cuxa última modificación parcial se levou a cabo por acordo plenario de 28 de xuño de 2004 sendo publicada no BOP de Lugo num. 157 de 10 de xullo de 2004 (VER).

Visto que dende esa última modificación tivo lugar a entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto do Empregado Público, que modificou sustancialmente diferentes cuestións relativas a persoal, en especial no relativo aos tribunais de selección, así como outra normativa que afecta a algunhos dos apartados das mesmas e tendo en conta igualmente a práctica operativa que debe concretarse en determinados aspectos para facilitar unha tramitación eficaz dos procesos selectivos para contratación deste persoal temporal.

Esta Alcaldía,

PROPON AO PLENO MUNICIPAL, que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º. A aprobación da modificación parcial das Bases reguladoras da selección do persoal laboral temporal, segundo se indica.

2º. A publicación do texto refundido das referidas Bases integrando as modificacións producidas, no Boletín Oficial da Provincia.

3º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

Modificacións propostas:

Engadir un novo apartado f) á Base primeira do seguinte tenor:

- f) Para determinados postos de traballo de carácter temporal e co fin de evitar a continua celebración de procesos selectivos pola dinámica dos propios postos que se precisen en función da demanda para a prestación de servizos públicos (Servicio de axuda no fogar, servizo de medio ambiente, etc.) será competencia da Alcaldía aprobar as bases e convocatoria procedente para a creación dunha bolsa de emprego cunha limitación temporal dun ano prorrogable, no seu caso, por períodos de igual tempo.

O apartado 4 da Base Quinta que dará redatado do seguinte xeito:

4. Coñecemento do idioma galego.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego computándose unicamente o grao superior alegado e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

4.1 Grao de iniciación ou equivalente.....0,25 puntos.

4.2 Grao de perfeccionamento ou equivalente..... 0,50 puntos.

4.3 Grao de especialización ou equivalente.....1,00 puntos.

A base sexta quedará redatada do seguinte xeito:

Sexta. Publicidade da convocatoria.

A publicidade da convocatoria realizarase mediante anuncio no taboleiro do Concello e oferta xenérica dirixida ós Servizos Públicos de colocación. A convocatoria sempre que sexa posible realizarase cunha antelación mínima de 10 días naturais á data de remate para a presentación de solicitudes, agás que por razóns de urxencia debidamente acreditadas no expediente o órgano convocante considere necesario reduci-lo prazo sen que en ningún caso este poida ser inferior a 5 días naturais.

Cando se estime necesario á vista da natureza da contratación que se pretende, a convocatoria poderá facerse tamén pública mediante anuncio no BOP e medios de comunicación social.”

A nova redacción da Base sétima será:

Sétima.-

Dentro do prazo concedido ao efecto os aspirantes deberán presentar a súa solicitude no Rexistro de Entrada do Concello aportando no seu caso a documentación requerida en cada caso na convocatoria.

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumpri-los seguintes requisitos xerais:

- a) Cumpri-los requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, de 12 de abril, publicado no BOE num.89 de 13.04.2007
- b) Estar en posesión do título ou estudos sinalados en cada caso pola convocatoria.
- c) Calquera outra que especificamente se sinala na correspondente convocatoria.

Para o caso de que a convocatoria esixa determinados méritos a acreditar documentalmente o interesado presentará ante o encargado do Rexistro os orixinais e fotocopia que lle será compulsada.

A nova redacción da Base 8 será a seguinte:

Oitava.- Tribunal cualificador.

Os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo, designaranse por resolución de Alcaldía, e deberán estar integrados como mínimo por un/unha presidente e dous vogais así como os seus suplentes correspondentes, e un/unha secretario/a con voz e sen voto.

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. En todo caso o número de membros do Tribunal con dereito a voto será impar.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta.

Todo os membros do Tribunal deberán ter un nivel de titulación igual ou superior ao dos postos a seleccionar.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderá formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

En relación ó procedemento de selección e co obxecto de asegura-la celeridade necesaria neste tipo de contratos a selección realizarase na medida do posible en unidade de acto procedéndose en primeiro lugar ó establecemento dos candidatos admitidos e excluídos, e seguidamente á selección correspondente en aplicación dos criterios establecidos e recollidos na convocatoria, correspondendo ó Tribunal a resolución das dúbidas derivadas da aplicación das bases, e da

convocatoria e a ponderación e integración das mesmas, baixo o principio de discrecionalidade técnica, imparcialidade, especialización e intervención directa nas probas e na avaliación da documentación aportada.”

O Sr.Alcalde cede a palabra o funcionario Sr.Rodil Veiga que explica que básicamente consiste en modificacións que veñen dadas polos problemas que xurden na operativa diaria ao se fixar un prazo de 20 días para formular solicitudes na provisión de postos temporais, que debe reibaxarse a 10 días xa que senon é moi difícil poder levar a cabo os procesos selectivos e para casos de urxencia deixalas como estaban en 5 días.

Tamén para certos postos como poden ser principalmente os de auxiliar de axuda no fogar que xeneran un movemento constante polo propio servizo e por substitucións que se precisan no mesmo, estimase convinte a creación dunha bolsa de emprego, en base a méritos, cunha limitación temporal dun ano prorrogable, no seu caso, por períodos de igual tempo.

Aproveitando estas modificacións e tendo en conta que a última modificación destas Bases se realizou en 2004 e que no ano 2007 entrou en vigor o Estatuto do Empregado Público, propónse tamén modificar o apartado relativo á composición dos tribunais conforme ao mesmo así como os requisitos xerais para acceso. Sinalase tamén unha modificación tocante ao apartado de coñecemento de idioma galego para adaptar as titulacións á regulamentación actual.

O Sr.Alcalde explica que á modificación para creación dunha bolsa de emprego se realizará so para Servizos sociais toda vez que é donde mais problemas xurden para a atención continua deste servizo.

Deliberase brevemente polos membros da Comisión sobre os diferentes aspectos da modificación proposta.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI no Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Intervén en primeiro lugar o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, manifesta que comprende que esas cuestións son de carácter técnico pero non ten un coñecemento exhaustivo, polo que para formar a súa intención de voto escoitará á Corporación.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto. Manifesta que considera que cos antecedentes da RPT, no artigo da competencia da Alcaldía de aprobar as bases o que se tenta é facer unha bolsa de traballo onde a Alcaldía ten todas as competencias.

Pregúntase se despois de nove anos agora o alcalde se da conta de que se pode axilizar e mellorar a contratación laboral. Pensa que se hai unhas bases e xente que se presenta e non sae, se pode facer o mesmo con ela e quedar na lista de reserva. Pregunta cal é o cambio. Considera que pode dar pé a utilizar isto como unha manipulación, sen respectar os principios de

calidade e igualdade que deben de existir. Dálle a sensación de que se pode dar certo caciquismo.

De seguido intervén a Sra. López-Braña Freije, Concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que van rexeitar totalmente esta cuestión, xa que na situación na que estamos actualmente no país en todas as Administracións hai unha situación que non se pode soste, xa que co que se pretende facer estase buscando outra vía para seguir engordando esas estruturas funcionariais que queda á luz do político, que é o que decide se quere a una persoa ou a outra. Entende que hai algunhas partes que son de cumprimento de lei, pero considera que hai tres puntos nos que cre que se debe de xustificar e estudar por parte de Alcaldía antes de sometelo a consideración.

O primeiro é no cal o Alcalde é o que fixa as bases; considera que se poden atopar que un alcalde fixe como primeiro criterio destas bases a entrevista persoal con 10 puntos e o resto 3 puntos, polo que cando o tribunal entreviste a esta persoa será a persoa que mellor encaixe nos seus intereses, polo que son criterios de valoración subxectivos e carentes de parcialidade, o que fan é deixalo á arbitrariedade dos poderes públicos. Cre que non se pode deixar sen garantir a obxectividade, xa que os principios que deben rexer o proceso selectivo de calquera persoa non se poden deixar nas mans dun político

Di que ese criterio non depende só do alcalde, xa que noutro punto pon que os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo serán designados por resolución do alcalde. Refírese ao punto no que di que para non perder tempo no mesmo momento decidírase a lista de admitidos e excluídos e despois procederáse á selección do persoal. Pregunta se se elimina a posibilidade de impugnar a lista de admitidos e excluídos, xa que nun traballo por 6 meses, cando remate o contrato aínda se está resolvendo o recurso, polo que se está denegando ese dereito.

Continúa intervindo a Concelleira Sra. López-Braña Freije e dí que considera que a responsabilidade do alcalde neste momento non a pode garantir para o alcalde que o suceda, polo que está deixando unha norma que abre a posibilidade de que o concello de Ribadeo se converta nunha Axencia de Colocación ao servizo de intereses políticos e partidistas. Por todo isto anuncia que van rexeitar a proposta.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e manifesta que está asombrado porque a formación xurídica da Sra. López-Braña Freije en materia laboral pública deixa bastante que desexar, xa que entende que a oposición ten que tentar buscar focos para opoñerse ao que di o goberno, pero considera que se equivocou coas argumentacións, e non sabe se está pensando en cando gobernou o PP, ou cando dicía que os tribunais os formaban os políticos, porque dende fai catro anos os políticos non forman parte dos tribunais, e os funcionarios ou laborais fixos son elixidos polo Alcalde, polo Conselleiro da Xunta de Galicia e polo presidente da Deputación, porque non poden ser nomeados polo presidente da Comisión de Festas, pero dende o 2007 ningún político forma parte de ningún tribunal.

A partir diso igual hai un contubernio de funcionarios que queren enchufar a alguén, pero se iso fora así non tería que ver co Alcalde. Di que esa serie de cousas inconexas que manifestou a señora López-Braña non pertencen ao Estatuto Básico do Empregado Público que é polo que se hai que rexer, á parte dunha serie de cuestións suxeridas polos técnicos para as bases temporais, que cada corporación cambia ao seu antollo.

Están cambiadas dende o momento en que o BNG gobernou en coalición co PSOE e estiveron inamovibles ata agora. Considera que o novo goberno que veña pode derrogalas ou cambialas, xa que non é unha cousa que quede para sempre. Di que se cambian suxestións técnicas que non estaban adaptadas ao EBEP, pero prevalece a lei que derroga estas bases. Queren adaptalo á Lei e que os certificados de galego que poñen iniciación e perfeccionamento sexan os equivalentes aos que hai agora, como CELGA 2, CELGA 3 ou CELGA 4, e deixan a porta aberta á creación dun sistema de listas de agarda onde é obxectivo de todo da mesma maneira que fai o SERGAS. Explica que están traballando sobre bases elaboradas por concellos e que son absolutamente obxectivas e verificase polos méritos e cólgase na páxina web, polo que a capacidade do Alcalde é nula. Pensa que a argumentación é mala fe para manchar o debate.

A Sra. López-Braña Freije intervéñe a continuación e di que quere ser educada e, aínda que o Alcalde fixo un exercicio de demagogia, non vai entrar niso.

O Sr. Alcalde explica que modifica as bases para dar axilidade, por exemplo, cando se da de baixa unha persoa en axuda a domicilio. Reitera que sae máis barato laboralmente se se fai así que se se contrata unha empresa externa.

A Sra. López-Braña di que na proposta non se fala só de Axuda a Domicilio, senón tamén de Medio Ambiente, e pode ser para 3 meses ou 6 anos. Cre que xa hai unhas listas.

O Sr. Alcalde admite que este verán houbo grandes problemas ó rematar as listas de agarda e tiveron que contratar a dedo, pero queren evitar iso.

A Sra. López-Braña pensa que fai a norma pensando nel mesmo ou no equipo de goberno.

O Sr. Alcalde non entende o que a Sra. Concelleira do PP quere dicir, explica que o equipo de goberno quere modificar as bases para adaptalas á legalidade e para facer un sistema obxectivo de listas de agarda para axuda a domicilio.

A Sra. López-Braña Freije considera que unhas normas baseadas nuns criterios dun alcalde dun equipo de goberno non son obxectivas en ningún caso.

O Sr. Alcalde fala dunhas normas que no ano 2004 o equipo de goberno do PP votou en contra. Explica que se basean en informes técnicos que apoian a proposta e a responsabilidade é de quen a vota.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado con seis votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) cinco votos en contra (dos membros do grupo municipal do PP e do Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo de UPRI no Grupo Mixto) e unha abstención (do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto).

2012.39.08.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE PORTAVOCES DE DENOMINACIÓN DE “PARQUE XAVIER R.BAIXERAS” NA ZONA DE O CARGADEIRO.

Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe de seguido:

“Visto o acordo da Xunta de Portavoces na súa reunión de data 21 de maio de 2012, na que por unanimidade se mostrou conformidade a nomear na zona de O Cargadoiro como “Parque de Xavier R.Baixeras” con motivo dos actos que tiveron lugar a proposta da Asociación de Escritores en lingua galega de homenaxe dentro do Programa “O escritor na súa terra” a favor do escritor don Antonio R.Baixeras, e acordándose na mesma reunión a dación de conta para ratificación ao Pleno Municipal,

PROPONSE

ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º. Ratificar o acordo unánime da Xunta de Portavoces de 21 de maio de 2012 no senso de nomear a zona de O Cargadoiro como “Parque Xavier R.Baixeras”.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación, a Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta e ditame de referencia transcritos anteriormente.

2012.40.09.-PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA POSIBILIDADE DE SUPRESIÓN DE SERVIZOS DO TREN DE FEVE, CON AFECTACIÓN Á COMARCA DA MARIÑA E EN PARTICULAR AO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa que se transcribe a continuación:

“O Sr.Alcalde da conta da súa proposta en relación coa posibilidade de supresión de servizos de FEVE, que obra no expediente.

Manifesta que en función da información que lle transmitiron por parte de responsables de FEVE, non a nivel de dirección senon de persoal e aínda que tamén viu na prensa que se pospoñía esta idea de suprimir servizos, frecuencias e liñas e tanto non se fusionase ADIF e FEVE, entende que é conveniente dicir, en todo caso, que non leven adiante esa proposta, xa que o trén debe cumprir a súa función pública e social e de vertebración da comarca, sen suprimir frecuencias existentes.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto manifesta que lle parece ben aínda que se vai reservar para o Pleno.

O Sr. Yañez Dablanca manifesta tamén a reserva do Grupo Popular.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular), acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Intervén o Sr. Alcalde que explica que a información da que se dispuxo foi transmitida, de maneira directa, a través dos representantes de persoal de FEVE na provincia de Lugo, a través de posicionamentos públicos, de responsables políticos, do Ministerio de Fomento a través dos medios de comunicación, así como outra serie de informacións relativas á supresión dalgunhas liñas de FEVE e propostas de horarios perniciosos para os veciños da comarca, e particularmente para os veciños de Ribadeo, sobre todo coa falta de trens en horarios axeitados para chegar ao hospital de Burela ou de Jarrio, aínda que os trens de FEVE non conseguen vertebrar o territorio porque algunhas paradas están moi ben situadas como a de Burela, pero hai outras que son máis propios dun país subdesenvolvido ou dunha colonia africana, como pode ser Vilaxoane ou outras parroquias nas que os veciños teñen que ser uns heroes para poder utilizar o tren, por tanto piden que aínda que saben que os responsables de FEVE e do Ministerio de Fomento indican que esta orde queda suspendida argumentando que ata que o organismo ADIF se fusione con FEVE non se volverá tocar o tema, el cre que se fai porque as eleccións autonómicas se celebrarán nun mes e queren abrir outro fronte máis.

Explica tamén que o que se pretende é demandar a anulación desta proposta e que por parte do responsables públicos se inicie un plan para construír ou recolocar paradas do tren en lugares máis accesibles para os veciños e fomentar o transporte público, dicindo que as accións que se poidan efectuar no futuro para adaptar o tren á realidade na que vivimos vaian sempre encarreirados a unha función pública, social e para vertebrar a comarca a nivel de infraestruturas e comunicación. Queren trasladar todo isto ao Ministerio, a FEVE e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que foi a que se prestou a anunciar que todo quedaba paralizado.

Intervén de seguido o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que opina que a posición do seu grupo tamén é coñecida e foi feita pública. Considera que as liñas de FEVE teñen moitas carencias, algunhas proceden da época na que se deseñou e executou e hai quen di que foi por razóns militares, para poñer en contacto a base naval de Ferrol coas concas mineiras e se foi por iso debían ser xenios militares para poñer un tren pegado á costa. Considera que non se pode prescindir desa Infraestrutura nunha zona na que as comunicacións teñen certo déficit e retraso dende hai moitos anos. Di que o concepto de proximidades non se aplicou.

Considera que reduci-lo en época de crise é moito peor, e é lóxico que aumente o uso de determinados servizos tendo en conta o uso da gasolina e do gasoil, polo que manifesta que o seu grupo vai votar a favor.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que non entende porqué esta proposta de Alcaldía non se presenta como unha moción, xa que fala de intereses electoralistas, pero pódese pensar que el tamén quere sacar certo protagonismo electoral.

O Sr. Alcalde di que el non se presenta ás eleccións autonómicas.

O Sr. Reymóndez Gancedo replícalle que parte do seu partido si que se presenta. Manifesta que está de acordo coa proposta pero non cos medios ou fins que utiliza, xa que considera que está poñendo a venda antes que a ferida.

O Sr. Alcalde adianta que seguramente despois se tomará un acordo parecido co de Alcoa, que tamén será por se acaso.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que o Sr. Alcalde busca certo protagonismo. Cre que o problema vai ser o que se fai despois. Pregúntalle se vai facer unha folga de fame ante os recortes.

O Sr. Alcalde considera que están poñendo encima da mesa algo que lles parece democrático.

O Sr. Yáñez Dablanca, Concelleiro do grupo municipal do PP, non quere poñer en dúbida o que defende que é manter determinados servizos como o FEVE con plans estéticos, paisaxísticos, lúdicos ou comerciais. Considera que a proposta aínda non ten fundamento, de feito falouse en abril, pero parece ser que a motivación política empezou dende que o presidente de FEVE manifestou a intención de modificar este servizo e dende aquela o que houbo foi unha freada política a esa iniciativa por parte do alcalde de San Sadurniño, Secundino García, polo tanto dende que lanzaron ese recorte que se propón por non controlar o uso do tren, xa que hai quen o usa sen pagar.

Explica que todo iso forma parte desa intención de modificar os servizos para axustar a oferta á demanda. Explica que son partidarios de manter os servizos necesarios na comarca de A Mariña, pero considera que esta proposta ven antes de tempo, xa que a día de hoxe os grupo sindicais están valorando e construíndo unha proposta para presentar co fin de que eses servizos non se recorten, pero aínda non está publicada e o Conselleiro Agustín Hernández mantén que o horario do servizo de FEVE vaise manter ata finais de ano e o que veña despois será en discusión cos traballadores, coa empresa e co que considere a Xunta, polo tanto esixir que se sobredote o servizo cre que é precipitado, polo que se absteñen na proposta.

O Sr. Reymóndez Gancedo quere puntualizar que se fixeron grandes inversións en maquinaria nos últimos anos, pero falta moito por conseguir. Considera que o problema é que a cultura non é de utilizar o tren.

O Sr. Alcalde di que non é que estea abandonado, pero que algunhas paradas están a tres quilómetros do núcleo máis poboado e igual hai que cambialo. Considera que non se trata só dunha cuestión lúdica, é pintoresco algunhas veces, pero debe servir para algo máis.

O Sr. Yáñez Dablanca puntualiza que particularmente, por outros motivos, non só de necesidade.

O Sr. Alcalde aclara que hai xente en Ribadeo que, desgraciadamente, por cuestións relacionadas coa metadona ten que utilizar ese tren, e se suprimen as liñas non poden ir. Considera que é mellor que haxa pronunciamentos políticos para ver que pasa despois de pouco tempo.

Sometida a votación a Proposta de referencia resulta aprobada con oito votos a favor (dos membros do grupo do BNG e dos Concelleiros do PSdG-PSOE e de UPRI no Grupo Mixto) e 4 abstencións (dos membros do grupo municipal do PP).

2012.41.10.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS

A) DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA DITADOS ENTRE O 1 DE XULLO E O 30 DE AGOSTO DE 2012.-

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se refire a dous decretos relativos a gasto de combustible, un de maio e outro de xuño, que pasan dos 7.000€, polo que considera que andan por aí todos os meses. Cre que que o gasto en combustible non está nada mal, polo que habería que coidarse, non cre que se deba ás desbrozadoras. Pensa que pode haber moitos recorridos ociosos, por exemplo, para repartir uns papeis dúas persoas a pé non gastan gasoil, pero había un coche de bombeiros repartindo papeis.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Facenda, xustifica este gasto coa subida do 10% que acaba de experimentar o combustible e admite que a partir de maio empeza a etapa de maior consumo, xa que entran varios vehículos en funcionamento permanente, que non están nos primeiros meses do ano como motobomba e GRUMIR, contando que os vehículos que máis consumen son a desbrozadora ou a motobomba. Reitera que os combustibles experimentaron unha subida dun 30% con respecto aos prezos do ano pasado. Respecto ao tema de reparto, deduce que quen repartía era o persoal do GRUMIR que ten que estar dispoñible para saír ante calquera emerxencia, polo que teñen que ter o vehículo á man.

O Sr. Gutiérrez Fernández cre que é mellor comprar unha motocicleta.

O Sr. Castro Reigosa di que xa hai dúas pero só as pode utilizar a policía municipal. Reitera que o incremento do consumo na época estival e a subida do combustible son as principais causas.

O Sr. Gutiérrez refírese ao decreto 141/12 de pago a unha empresa que se chama Nova Xestión Cultural de 1.375€ por labores de asesoramento a Sonda Norte. Considera que é unha cantidade ínfima, pero se hai un Concelleiro delegado de Xuventude, unha Concelleira de Cultura e unha

técnica de cultura para pintar as tapas das sumidoiros non fai falta asesoramento. Tampouco sabe de onde saíu esa empresa. Di que gastos así pequenos non son xustificables.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema en que para o próximo pleno se motive a argumentación desta cuestión, xa que o Concelleiro delegado de Xuventude non está. Aínda que non o considera unha xustificación, informa que estes gastos cóbrense con un convenio asinado coa Deputación, polo que non se fai con fondos propios.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire tamén a Sonda Norte. Pregunta polo número de rexistro 3268 referente a uns traballos audiovisuais para Sonda Norte por 280,89€.

O Sr. Alcalde responde que se trata do grupo “El Farero” así que se tratará de algo que se editou, poden ser fotos ou traballos da exposición “30 anos de rock”.

O Sr. Reymóndez Gancedo informa que o deixará entón para preguntar no próximo pleno, porque hai outros conceptos como un xantar ou dípticos. Refírese, agora, ao decreto número 3380 de reparación de vídeo gravador do punto limpo por 549€. Pregúntase se sabe canto costa un novo.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, responde que preto de 3.000€.

O Sr. Reymóndez contesta que custa 269€ para 16 cámaras.

O Sr. Cupeiro Rodríguez informa que todo o equipo custou 3.000€ e que se tratou dunha avaría que amolou a fonte de alimentación polo que había que reparalo e prestáronlles un equipo ata que quedou resolto.

A Sra. López-Braña Freije, Concelleira do grupo municipal do PP, pregunta se non hai un seguro.

O Sr. Cupeiro Rodríguez responde que ao ser por unha tormenta non o cubre.

O Sr. Reymóndez Gancedo pensa que podían ocultar que fose por unha tormenta, xa que está en garantía ao ser de novembro do ano pasado.

O Sr. Cupeiro Rodríguez explica que xa o queimou outra vez, porque as tormentas afectan moitísimo e houbo que poñer unhas picas. Admite que tecnicamente non sabe datos. Di que pediron varios orzamentos e ese era o máis axeitado, polo que o máis lóxico é que o repare quen o montou. Informa que pode ensinarlle un correo electrónico onde lle di que lle parece moi caro, pero a contestación foi que era o prezo e por menos diñeiro non o facía. Parécelle moi raro que poida valer 200 euros se lle custou 3.000€. Anuncia que na próxima sesión explicaralle todos os detalles do equipo.

O Sr. Reymóndez Gancedo cre que tería que haber un seguro de responsabilidade civil.

O Sr. Alcalde cre que o seguro de responsabilidade civil non se fai cargo diso, que non é a todo risco.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Valín Valdés, Concelleiro do grupo municipal do PP, que se refire ao decreto 141/12 de pagos por Xornadas sobre violencia sexista, quere saber por qué uns cobran unhas cantidades e outros outra e se é con fondos propios ou con cargo a unha subvención.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Muller, contesta que é con cargo a unha subvención da Secretaría Xeral de Igualdade e unha achega da Deputación. Informa que nos cobros van incluídos tamén os desprazamentos, dependendo de onde viñan, algúns pernoctaban e outros non.

O Sr. Valín Valdés refírese agora a o mesmo decreto, o número 3.345, de aloxamento do xurado de Ribadeo de Tapeo, 5 persoas no Parador de Turismo por 180€, considera que é un erro.

A Sra. Interventora di que mirará a factura pero que en principio está ben.

O Sr. Valín Valdés fala do número 3.383 de Gasto en mobiliario de praias, quere saber se se fai con fondos propios.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, contesta que se fai con cargo á subvención da Reserva da Biosfera e que se trata de fontes, aparcabicicletas etc. que son obrigatorios para a bandeira azul.

O Sr. Alcalde explica que se pediu a Costas do Estado pero denegouno.

O Sr. Valín Valdés anuncia que o seu grupo pedirá por escrito que se aclare o gasto efectuado por Sonda Norte, aínda que el asistiu como espectador a algún acto e lle gustou, pero coincide co voceiro do PSOE en que é un saco sen fondo. Pregunta se o concello ten asinado algún convenio de publicidade coa emisora COPE, xa que aparecen tres facturas mensuais de publicidade radiofónica sobre Ribadeo.

O Sr. Alcalde responde que sí, que hai un acordo, polo que aproveitaron e meteron todas as cuñas de xestión cultural.

O Sr. Valín pregunta se se trata dun pago mensual de 131,80€.

O Sr. Alcalde admite que non o recorda nese momento.

O Sr. Valín Valdés pregunta se os gastos en luminarias para a zona de O Cargadeiro teñen que ver con un feito que aconteceu no pasado.

Refírese ao decreto 150/12 de mantemento preventivo do Auditorio Municipal de Xoula SAT S.L., primeiro semestre. Non recorda ter visto nada igual no pasado.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Facenda, explica que se trata do contrato de mantemento do aire acondicionado que se fixo este ano.

O Sr. Valín Valdés refírese ás actividades culturais e ao grupo OXEM. Cre conveniente que detallen un pouco a súa actividade porque fan de todo. Ironiza dicindo que só falta que os contraten para desratizar.

A Sra. Interventora admite que no último pleno houbo un erro e entregaron a fotocopia do decreto sen as copias das facturas.

O Sr. Valín Valdés refírese ao decreto 159/11 de balaústres en portais de Recarei, quere saber de que se trata.

O Sr. Alcalde explica que foi unha obra na que o concello tivo que asumir a execución subsidiaria de legalización da cuberta e quedou pendente de executar un balaústre.

O Sr. Valín Valdés pregunta se o concello só se fixo cargo de 7 matrículas do Campus de Baloncesto. Quere saber se os 3.499€ son tamén diso.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Deportes, di que sí.

O Sr. Valín Valdés pregunta se houbo algún cambio no Mercado Ocasional de Artesanía.

O Sr. Alcalde anuncia que non, que se notificou e houbo xente que alegou e outros presentaron toda a documentación.

A Sra. Interventora informa que presentaron a documentación completa e aboaron 2 persoas e hai outra pendente de aboar. Co resto fíxose un decreto cunha orde de levantamento.

Rematada-las intervencións dase por cumprido o trámite de dación de conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas atribucións, no período indicado.

B) MOCIÓN.-

1.-MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE UNHA NOVA REGULACIÓN DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aprobación da Constitución de 1978, con acordó, diálogo e consenso construímos e consolidamos entre todos unha España democrática. Estes foron os principios polos que se acometeron as reformas que afectaban á estrutura institucional do Estado.

Durante este tempo pasamos por momentos difíciles nos que mesmo o noso modelo de convivencia democrática se puxo en xogo, afrontamos xuntos os efectos das crises económicas, e precisamente vencemos e superamos esas dificultades grazas aos esforzos de toda a cidadanía e da unidade dos Grupos políticos.

Durante estes 32 anos de Concellos democráticos, o ámbito local foi un bo exemplo de como se pode gobernar, defendendo os intereses dos vecinos, xuntando vontades políticas, buscando a colaboración e a cooperación e os resultados foron visibles no progreso dos nosos pobos e cidades.

A autonomía local foi un referente avalado pola Constitución e pola Carta Europea como garantía de democracia, de cohesión social e da articulación dun país, historicamente desigual no social e no económico.

Entre todos deseñamos un modelo local capaz de dar máis e mellores servizos aos cidadáns, conformamos entidades locais que son exemplo de participación, de convivencia e de solidariedade, contribuíndo a garantir a cohesión social en todo o territorio a través da xestión de servizos e prestacións no ámbito local, dende a proximidade e a solidariedade.

Dende a súa creación a Federación Española de Municipios e Provincias - FEMP, e mesmo a Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP, consolidáronse como lugar de encontró, entendemento e consenso de todos aqueles que por principios e vocación se senten municipalistas, maniendo como obxectivo o fomento e defensa da autonomía das Entidades Locais.

Os Concellos non son responsables do déficit do Estado. Nin no seu conxunto, nin ñas Administracións Públicas. Pódense aportar as cifras e a porcentaxe sobre o total de endebedamento.

Mesmo se chega a criminalizar aos concellos como responsables últimos dunha crise da que eles pouco ou nada teñen que ver. Durante as últimas semanas difúndense dende a dereita política e mediática múltiples e diversas opinións ou declaracións que semellan poner en dúbida o bo e correcto funcionamento dos Concellos e o traballo que día a día, e na inmensa maioría das ocasións sen recibir remuneración algunha, miles de Alcaldes/esas e concelleiros/as fan nos seus pobos e cidades.

Un traballo municipal e vecinal dun incalculable valor se observamos o servizo que prestan aos cidadáns, servizos que non se poden avaliar empíricamente, servizos cuxo principal valor está en que se prestan porque a proximidade aos cidadáns lles permite coñecer e dar axeitada resposta aos seus problemas.

A cidadanía, ñas urnas, co seu voto, axuíza o labor dos seus Alcaldes, das súas Casas do Concello, ten ñas súas mans decidir o goberno do seu pobo ou cidade, elixir os homes e

mulleres que deben tomar as decisións sobre a xestión dos servizos públicos prestados, sobre o investimento e sobre a execución de infraestruturas municipais.

A cidadanía ten ñas súas mans decidir se os que toman as decisións deben seguir facéndoo: a existencia dos cidadáns de maior ética e transparencia aos representantes políticos debe ser contestada axeitadamente para así facer fronte aos ataques que dende posicións interesadas e con intereses espurios se está a facer da política e da democracia local.

Compartimos que as leis que regulan o ámbito local necesitan dunha revisión que aborde a repartición de competencias, o financiamento, as retribucións dos Alcaldes e Concelleiros (as daqueles que as reciben), a simplificación administrativa, as funcións das entidades locais intermedias e avanzar na transparencia e a participación cidadá.

Como sinala a Comisión Executiva da FEGAMP, no seu acordó de 18 de xullo deste ano, a nova regulación estatal debe solucionar os problemas do municipalismo en Galicia, onde a necesidade dun cambio de financiamento, tendo en conta a dispersión poboacional, é fundamental.

Ademáis, esta nova regulación estatal debe respectar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en xestión e ordenación da Administración Local, así como os principios contidos na Carta Europea de Administración Local ratificada por España no 1988.

Polas nosas conviccións democráticas, por respecto e coherencia á nosa historia compartida durante estes anos e sen dúbida polos vecinos aos que representamos, este traballo debémolo facer dende o diálogo e dende o consenso para garantir que os nosos concellos poidan seguir prestando os servizos que esperan de nos os cidadáns e para garantir a democracia do noso país.

Por todo isto, presentamos ante o Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte

MOCIÓN,

1. Reafirmar a importancia das entidades locais que nunha realidade tan complexa, diversa e difícil, están a contribuir de forma inequívoca a vertebrar o territorio, contribuir á cohesión social, e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para todos.
2. Rexeitar calquera reforma da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei Electoral (LOREG) que veñan a limitar a autonomía municipal, recoñecida pola Constitución, e que pretenda restar capacidade de decisión á cidadanía sobre a administración local e os seus representantes.
3. Defender a nosa autonomía municipal, como o máis eficaz instrumento para facer realidade o principio de igualdade de oportunidades, ao mesmo nivel de importancia que as outras administracións públicas e a necesidade de abordar en profundidade o debate sobre as necesarias competencias municipais e o seu

financiamento axeitado.

4. Defender unha reforma do Réxime Local que xurda do debate político coas Corporacións Locais e do consenso que presidiu a vixenía lexislación. Os Concellos teñen personalidade xurídica plena e son gobernados e administrados polas Corporacións (artigo 140 da Constitución Española). Non cabe expropiación das súas competencias en favor doutras institucións.

5. Transmitir a todos os concellos e aos seus vecinos, especialmente aos municipios máis pequenos, o noso apoio e recoñecemento polo labor que venen facendo para manter o territorio rural e a súa poboación de forma equilibrada e sostible para toda a sociedade.

6. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que se trata dunha moción tipo e haberá outros grupos que presentarán mocions parecidas. Di que sae a raíz das intencións de reforma da Lei de Bases de Réxime Local e da Lei Electoral e vai en contra de restarlle competencias á autonomía municipal, xa que hai unha mención para os concellos pequenos respecto de destacar o seu papel para a conservación da vida rural.

Quere dicir que responde a moitos acordos da FEMP e da FEGAMP que se toman por consenso, por tanto as modificacións que se tiveran que tomar na lexislación que afecta aos concellos terían que saír do mesmo espírito de consenso e de acordo que deu lugar á súa concreción na Constitución. Explica que, en función de determinadas circunstancias, acélanse ou atrásanse os procesos. Quere adiantarse a unha posible intervención da voceira do PP sobre que os concellos son responsables de determinados gastos, considera que son minucias, que non lle vale o argumento, xa que os gastos veñen doutro sitio. Algo parecido a pensar que diminuír a paga aos funcionarios vai contribuír a equilibrar os dispendios, el pensa que vai traer consecuencias terroríficas. Na parte propositiva establece que haberá que tomar algunhas medidas para resolver algunha cuestión.

Intervén de seguido o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que indica que parte da base de que un dos maiores problemas que hai agora mesmo en España non só é a crise, senón a crise institucional. Pensa que a modificación desta lei resulta pobre nas súas formulacións e solucións, xa que non é un remedio para a solución dos problemas das entidades locais, xa que non se controlan os excesos por parte dos responsables. Parécelle un erro meterse neses temas porque é quitar un certo poder democrático ao pobo.

Pon como exemplo que en Ribadeo non hai Concelleiros con adicación exclusiva, polo que é un erro e ten que ser máis mirada para evitar os excesos. Cre que non se recorta noutras institucións como entidades autonómicas ou rexionais. Manifesta a súa intención de absterse a esta moción porque o partido que a propón tampouco fixo nada por corrixir estes excesos.

Continúa a quenda de intervencións a Sra. López-Braña Freije, Concelleira do grupo municipal do PP, que cre que dicir que as entidades locais non teñen ningunha responsabilidade da situación do país é querer botar balóns fóra, xa que hai que ser conscientes que houbo épocas sen control e todo se gastaba, polo que chegou un momento no que hai que recortar.

Considera que esa racionalización do gasto en xeral é a que leva a esta proposta, da que o seu grupo apoia a maior parte do seu contido, como defender a autonomía municipal. Cre que a moción incorre en confusión, xa que rexeita calquera reforma da lei de bases de réxime local pero máis abaixo di que se defende a reforma. Informa que o goberno do Estado anunciou que non pretende eliminar ningunha entidade local, nin grande nin pequena, que pretende suprimir as mancomunidades de municipios, xa que dan lugar a moito gasto sen un control rigoroso e non está repercutindo ningún beneficio aos concellos.

Quere resaltar que os Concelleiros son os que van formar parte da Deputación ou da Mancomunidade, polo que teñen unhas responsabilidades. Preténdese garantir a todas as entidades menores que todos os cidadáns teñan os mesmos servizos en igualdade de condicións, e esa obriga é da Deputación Provincial. Admite que no concello de Ribadeo, respecto aos soldos de Concelleiros e alcaldes non hai excesos, pero non quita que haxa concellos, Mancomunidades e Deputacións nos que si que hai excesos, polo que ten que haber unha limitación por lei en función de criterios de poboación.

Admite que comparten a maior parte do que se di, polo que anuncia que se absterán neste punto.

O Sr. Alcalde explica que o seu grupo ten unha moción parecida e, pero as peticións non son exactamente iguais, polo que non teñen ningún problema en apoiar pero, sen cuestionar as propostas, gustaríalles engadir dúas propostas.

A Sra. López-Braña refírese a que ao seu grupo, cando quixo modificar unha moción durante o curso dun pleno non se lle deixou.

O Sr. Alcalde explica que nas cuestións que son puntos formais da orde do día, antes de facer enmendas hai que seguir uns trámites, pero agora trátase dunha moción política que non están ditaminadas.

Le o punto relativo a demandar a supresión das Deputacións Provinciais pasando as súas funcións a concellos e á Xunta de Galicia, que arrastrará un importante aforro económico e eficiencia na xestión. Refírese agora ao punto relativo a manifestar a súa oposición a cargar sobre os funcionarios públicos a crise económica coa supresión da paga extra do Nadal, e sobre a cidadanía coa suba do IVE e recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que levarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica o que prexudicará ao comercio e actividade económica local.

O Sr. Gutiérrez Fernández considera que o segundo punto non ten nada que ver coa moción.

Respecto a demandar a supresión das Deputacións, considera que el non pode asumilo e non quere incorporala.

O Sr. Alcalde matiza que Rubalcaba quería facer desaparecer as Deputacións e o grupo do BNG tamén está a favor, aínda que forme parte dunha delas.

O Sr. Gutiérrez Fernández manifesta o seu desacordo sobre que pasar as funcións á Xunta conleve automaticamente unha mellora na xestión. Reitera que non ten problema en incluír o punto segundo.

A Sra. González Loreda, Concelleira do grupo municipal do PP, informa que o seu grupo absterase na proposta presentada polo PSdG-PSOE, pero se acepta os cambios introducidos polo BNG non sabe.

O Sr. Alcalde le de novo o punto segundo que pretende incluír na proposta do PSdG-PSOE, e sendo as vintedúas horas e vinte minutos suspende a sesión durante uns minutos para deliberar os distintos Grupos municipais.

Reiniciada a sesión sendo as vintedúas horase vintecincos minutos e logo de debatirse sobre o asunto o Sr. Alcalde admite que aceptan a moción “descafeinada” que propón o PSdG-PSOE coa inclusión do 2º relativo a manifestar a súa oposición a cargar sobre os funcionarios públicos a crise económica coa supresión da paga extra do Nadal, e sobre a cidadanía coa suba do IVE e recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que levarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica o que prexudicará ao comercio e actividade económica local.

Sometida a votación a Moción de referencia co engadido indicado, resulta aprobada por sete votos a favor (dos Concelleiros do grupo municipal do BNG e do Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto Sr.Gutiérrez Fernández), catro votos en contra (dos Concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e unha abstención (do Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo de UPRI no Grupo Mixto).

2.-ESCRITO DO COMITÉ DE EMPRESA ALÚMINA ESPAÑALA S.A.-ALUMINIO ESPAÑOL S.A. (GRUPO ALCOA) SOBRE O ESTABLECEMENTO DUNHA TARIFA ENERXÉTICA COMPETITIVA PARA O CENTRO DE TRABALLO DE SAN CIPRIÁN E EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO.

Dase conta do escrito do Comité de Empresa do Grupo Alcoa, que se transcribe de seguido:

“El Comité de Empresa Alúmina Española S.A. - Aluminio Español S.A. (Grupo ALCOA), nos dirigimos a su Concello para que traten en su próximo pleno municipal el establecimiento de una tarifa energética competitiva que permita que nuestro centro de trabajo en San Ciprián siga desarrollando su producción en las plantas de Alúmina como de Aluminio. De nuestra empresa dependen directamente más de 2000 puestos de trabajo, entre los que se encuentran un gran número de sus vecinos, que hacen su vida en nuestra comarca y

participan activamente en toda la vida social de A Marina Lucense, creando riqueza y desarrollando el bienestar social en nuestro entorno.

Nuestra empresa es una gran consumidora de energía eléctrica, con un consumo de más de 3.500.000 de megavatios/año que le supone más de un 40% de los gastos de su proceso productivo, y que de no tener un contrato energético competitivo, supondría un gran riesgo de deslocalización de la producción hacia otros países en los que los gobiernos si facilitan y defienden el proceso industrial.

Este Comité de Empresa les solicita que presenten una moción a este respecto que esperamos sea aprobada por todos los grupos políticos de su Concello y trasladada tanto al Gobierno de la Xunta de Galicia como al Gobierno Central, para que estos apoyen y resuelvan nuestras demandas, ya nuestra empresa supone más del 30 % del producto interior bruto de la provincia de Lugo y que todos debemos de ser conscientes de la repercusión que podría tener la deslocalización de nuestro centro de trabajo para toda la provincia y para el conjunto de la comunidad.

El pasado mes de junio tuvimos una reunión con la delegada de la Xunta de Galicia en Lugo en la que se nos comunicó que antes de finalizar el mes de agosto el Gobierno Central anunciaría una tarifa especial para las empresas grandes consumidoras de energía, y a día de hoy no tenemos ningún tipo de información referente a este anuncio.

La dirección de Alcoa a nivel estatal ya ha manifestado que en caso de no haber una tarifa eléctrica competitiva su intención sería la de no continuar con sus procesos productivos en nuestro país, desviando la producción a otros países en los que las condiciones energéticas son más favorables, desde la experiencia e información que tiene este Comité de Empresa entendemos que desde el momento en que se adopte esta decisión sería prácticamente imposible que la modificaran, y tenemos casos como el caso de la fábrica de Alcoa en Portovesme en Italia como ejemplo, y que a finales de este año parará su producción. Esto hace que tengamos que posicionar nuestras voces en defensa de nuestra industria, de nuestros puestos de trabajo (cada día más necesarios) y del bienestar de nuestra comarca, y nuestros políticos no deben de ser ajenos a los problemas de la población.

Esperando que nuestra petición sea debatida con carácter urgente en su próximo pleno y la trasladen a los organismos superiores.”

O Sr. Alcalde explica que todos son conscientes da situación extrema que se está vivindo en Alcoa e le o escrito presentado polo Comité de Empresa. Anuncia que da traballo de forma directa e indirecta a 2.000 persoas da comarca e supón o 30% do PIB da provincia.

Comeza as intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se manifesta a favor da proposta polas mesmas razóns que expón o Comité de Empresa e pola repercusión que terá na poboación de A Mariña.

O Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, mantense no que dixo no seu día e maniféstase a favor da proposta.

O Sr. Valín Valdés, Concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta a intención do seu grupo de apoiar o escrito do Comité de Empresa. Informa que tanto dende a Xunta coma dende o Goberno Central estanse facendo esforzos para que se resolva o tema, xa que é moi importante para toda a comarca. Informa que o PP tense manifestado con alcaldes de todas as cores políticas por este motivo, xa que supera o tema partidista.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao escrito de referencia e trasladar este acordo ao Goberno da Xunta de Galicia, así como ao Goberno Central aos efectos interesados.

C) ROGOS E PREGUNTAS.

DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.-

Comeza o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se dirixe á delegación de Medio Ambiente para dicir que nos soportais da zona de Cabanela hai moito lixo acumulado, ratos etc. e moita xente pensa que se baixa por aí ao Paseo Marítimo. Roga que se limpe. Refírese aos contedores de pilas, pide que instalen un na Avda. Rosalía de Castro.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, explica que os contedores son dunha empresa que os montou para poñer publicidade, pero non cobra nada por iso, polo que se lle pode suxerir ese sitio.

O Sr. Gutiérrez Fernández manifesta que xa sabe que non é de competencia municipal, pero roga que se demande o mantemento do nome do Instituto como Dionisio Gamallo Fierros. Cre que non é procedente tomar un acordo, pero considera que hai que ter conta a relación que tivo co Instituto Laboral e as doazóns que fixo.

O Sr. Valín Valdés, Concelleiro do grupo municipal do PP, considera que o outro instituto si que conserva o nome de Porta da Auga.

O Sr. Alcalde cre que non hai ningún problema e cando rematen o apartado de rogos e preguntas poden incluír un punto de urxencia con seguinte texto: “Debido á unificación dos centros IES Porta da Auga e IES Gamallo Fierros no edificio que ata o de agora era o IES Dionisio Gamallo Fierros, a corporación acorda solicitar ao claustro manter o nome de IES Gamallo Fierros para o centro unificado actual”.

Continúa coa súa intervención neste apartado o Sr. Gutiérrez Fernández, e pregunta se o concello está facendo ou ten previsto algún tipo de rede de sumidoiros na rúa Amador Fernández.

O Sr. Alcalde explica que se está facendo unha obra de reparación no mineral pero non é aí. Non sabe se hai un compromiso vixente por parte de “Vilela” para facer o saneamento pola marxe dereita da baixada do Parador de Turismo, pero non o recorda.

O Sr. Gutiérrez Fernández refírese á cantidade que o concello paga a un cidadán da zona vella de Ribadeo.

O Sr. Alcalde informa que o proceso non rematou, que o concello mandou a argumentación ao Tribunal Superior de Xustiza, pero están pendentes de resposta.

DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI.-

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que pide que na Escola de Idiomas se repinten as prazas de estacionamento para discapacitados.

O Sr. Alcalde responde que o consultou pero lle dixeron que non era o pavimento axeitado, aínda que mandará que se repinten. tamén suxeriu que busquen algunha praza máis para este colectivo.

O Sr. Reymóndez informa que hai 410 matriculacións este ano. Tamén quere que poñan un letreiro para identificar a escola na entrada de Ribadeo.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Obras, informa que é un tema que ten pendente a brigada de obras, pero teñen moitas cousas.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao barrio dos Garitos donde está o coñecido por “Restrepo” onde se construíron beirarrúas. Cre que Asuntos Sociais deberían prestar atención a este home.

O Sr. Alcalde explica que o Asistente social lle fixo asinar que non quería o que lle daban, xa que se negou a recibir axuda.

O Sr. Reymóndez Gancedo cre que o lugar se está convertendo na entrada de “O Carqueixo”.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, chamou ao propietario do terreo para que tome medidas ao respecto, porque a casa estaba pechada e agora rebentou todo. Considera que van ter que tomar medidas serias con el. Informa que se fai unha limpeza cada ano e sacan camións de lixo.

O Sr. Reymóndez Gancedo pide que se sinalen mellor os aparcamentos para carga e descarga, porque a xente aparca igual.

O Sr. Alcalde considera que xa está sinalizado vertical e horizontalmente. Conta que fai unha semana unha persoa chegou indignada porque lle embargaran unha conta por acumulación de varias multas, varias en zona de carga e descarga na rúa Dr. Moreda. Explica que a policía sanciona esas cousas.

Continua intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, e manifesta que quere que se repinte de amarelo.

Ao Sr. Alcalde parécelle que as persoas que aparquen na zona amarela da rúa Dr. Moreda non teñen escusa xa que sempre hai aparcamento na zona ORA. Informa que aparcar en zona de carga e descarga é falta grave e está sancionado con 200€.

O Sr. Castro Reigosa refírese ás persoas que aparcan diante da farmacia en dobre fila, xa que hai un aparcamento de balde á entrada de Ribadeo, pero aínda teñen máis que dicir.

O Sr. Reymóndez refírese a un cartel de zona escolar que hai na estrada de Vilela que está oxidado, propón que o cambien.

O Sr. Castro Reigosa informa que xa tomaron nota para cambialo.

Pregunta o Sr. Reymondez Gancedo cando van poñer a marquesiña en A Devesa.

O Sr. Castro Reigosa responde que ten que ir atendendo pouco a pouco, xa que estiveron todo o verán con dous operarios de obras.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que hai que cambiar os bancos que son moi incómodos.

DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

Intervén a Sra. López-Braña Freije, Concelleira do grupo municipal do PP, referíndos ás escolas municipais deportivas de fútbol. Pide a intervención do concello xa que hai descontento entre as nais dos nenos de 4 e 5 anos, xa que se lles esixe facer unha inversión de 70€ na roupa para xogar, e son nenos que non van competir. Explica que hai que comprar un ticket e só se pode comprar nunha tenda.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Deportes, informa que xa se reuniu dúas veces con esas nais e explicoulles que nas bases das escolas deportivas di que non teñen porque comprar o equipamento, só o básico. Reitera que nas escolas deportivas non teñen obriga de comprar nada, pero elas falan do tema de competición. Pensa que escollen a época menos indicada para obrigar aos pais a comprar xusto no comezo do curso escolar. Explica que se están dando de baixa cativos.

Sendo as vintedúas horas e cincuenta minutos auséntase do Salón de Pleno o Concelleiro do PSG-PSOE Sr. Gutiérrez Fernández.

A Sra. López-Braña Freije refírese á posibilidade de que se poida publicar na páxina web do concello as normas de réxime interno de funcionamento, acceso ao servizo, taxas e prezos públicos de servizo de teleasistencia, centro de día, vivenda tutelada e hospital-asilo, xa que hai moita xente que non sabe como funciona.

A Sra. González Piñeiroa, Concelleira delegada de Servizos Sociais, aclara que está colgado no taboleiro de servizos sociais.

A Sra. López-Braña Freije pide que cando se ingresen os pagos a Concelleiros se mande unha notificación para poder levar o control das asistencias.

Intervén a continuación o Concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Yañez Dablanca e refírese ao estado dunha luminaria na rúa San Roque, pregunta se está amañada. Tamén informa dun bache no tramo dende a rotonda ata a zona da Lodeira.

O Sr. Alcalde informa que esa estrada é da Deputación.

Intervén de seguido o Sr. Valín Valdés, Concelleiro do grupo municipal do PP, dí que ten un rogo referido ao IES Gamallo Fierros, pregunta que vai pasar cos membros do Consello Escolar que estaban no IES Porta da Auga e como se organiza.

O Sr. Yáñez Dablanca informa que hai que convocalo en novembro e que os ciclos formativos non teñen Consello Escolar.

O Sr. Valín Valdés pregunta se, de cara ao próximo ano, sería posible ampliar o horario do cemiterio durante o verán. Quere saber que xestións son as que está tratando o Alcalde para pagar a paga extra.

O Sr. Alcalde explica que son cuestións xurídicas que se están a facer, pero de momento con pouca fortuna, polo que as súas declaracións son moi prudentes, xa que a eles non lles parece ben, pero como é unha lei, se non se pode evitar terán que asumilo.

Ao Sr. Valín Valdés estráñalle que o Alcalde manifestara nun principio que baixo ningún concepto ía contradicir a lei e agora se retracte. Pregunta se o Sr. Alcalde fixo moitas xestións previas a un anuncio no D.O.G.A. relativo á gardería.

O Sr. Alcalde explica que se cedeu unha parcela para facer unha gardería pública e o PP votou en contra. A Xunta aceptou o compromiso municipal e durante tres anos e medio non soubo nada, logo déronlle a razón. Explica que fora unha aceptación por parte da Xunta de Galicia. Dixéronlle que Ribadeo estaba nas previsións, pero pasou a lexislatura. Cando este verán se publicou en prensa que estaba prevista a escola para Ribadeo el chamou ao xerente, quen lle comentou que a esencia era a mesma. Parécelle un “cachondo mental” porque a Xunta di que non ten un peso, pero que o goberno central aportará o 50%, pide que os concellos poñan o 40%, e tentarán que o Estado poña o outro 10%. O xerente propuxo que deixaran pasar o verán. Ironiza dicindo que grazas á magnífica xestión do PP na gardería agora non hai listas de espera porque a xente non pode pagar. Refírese á precarización do servizo que da a gardería pública nos últimos tempos e á subida de taxas.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Muller, informa que aos nenos lactantes non se lles subministra ningún alimento na gardería e son os pais os que teñen que levar o leite e os cereais. Tampouco lles dan auga embotellada nin lle la poden levar.

DECLARACION DE URXENCIA.-

2012.42.12.-PROPOSTA DE MANTEMENTO DO NOME DE IES GAMALLO FIERROS PARA O CENTRO EDUCATIVO RESULTANTE DA UNIFICACIÓN DOS IES PORTA DA AUGA E GAMALLO FIERROS,

Previa ratificación da súa inclusión na Orde do día, por unanimidade dos membros da Corporación, procédese ao tratamento do asunto epigrafiado.

Debido á unificación dos centros IES Porta da Auga e IES Gamallo Fierros no edificio que ata o de agora era o IES Dionisio Gamallo Fierros, a Corporación municipal acorda, por unanimidade

dos seus membros, solicitar ao claustro que se mantenha o nome de “IES Gamallo Fierros” para o centro unificado actual.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as vintetrés horas e cinco minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.